

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE TOURO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DO ENTROIDO DOS XENERAIS DA ULLA 2020

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Touro e ABANCA Corporación Bancaria, S.A., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración do Entroido dos Xenerais da Ulla 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración do Entroido dos Xenerais da Ulla.

A orixe do “Entroido da Ulla” é moi antiga –segundo algúns autores remóntase á Guerra da Independencia-, e os seus protagonistas son os Xenerais, unha das máis orixinais manifestacións do folclore galego no entroido, xa que posúen rasgos definitorios que os fan públicos.

Entre aldea e aldea as máscaras marchan ao ritmo da música. Os “correos” adiántanse para anunciar a súa chegada. Os xenerais, pola súa parte, cumpren a misión de dar as ordes pertinentes, e por suposto de dar o “¡viva!” a veciños, convidados e visitantes a cambio dun





donativo. No “¡viva!” alúdese ao nome do cabeza de familia e ao de todos os seus achegados, así como ao seu lugar de orixe de veciñanza. A escena repítese en todos os lugares da parroquia, ata que chega o último acto das mascarada, que é o chamado “atranque”, “salto” ou “alto”. Os xenerais divídense en dous bandos, simbolizando os enfrontamentos que antigamente había entre comparsas de dúas parroquias, e enfróntanse, precedidos dos “correos”, nunha poxa dialéctica en versos aludindo a feitos parroquiais, de política ou do corazón, acontecidos durante o ano. Así continúan o debate, ameazándose mutuamente os distintos “correos” e “xenerais”, ata que ao final chegan á conclusión de que son veciños e amigos, polo que proceden a asinar a paz.

A tradición dos Xenerais da Ulla está presente ao longo do territorio denominado comarca natural da Ulla, formado por unha serie de concellos enmarcados no tramo do curso medio do río Ulla.

De aí a importancia de recuperar e consolidar o Entroido da Ulla como elemento singular do patrimonio rural galego. Para iso os concellos de Vila de Cruces, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Boqueixón, A Estrada, Vedra e Touro asinaron o 3 de febreiro de 2012 un “Protocolo de Intencións para a colaboración entre os Concellos de Santiago de Compostela, A Estrada, Boqueixón, Silleda, teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces para a promoción conxunta do Entroido da Ulla-Xenerais da Ulla”, que foi renovado en 2018 e continúa en vigor.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Terceiro.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.



Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia está interesada en apoiar ao Concello de Touro na promoción da festa indicada no expoñendo primeiro por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega vinculada ás festas de interese turístico, como medida de promoción e fomento do turismo para o impulso da mellora económica do sector. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello arriba indicado a entidade que lidera a organización deste evento.

Quinto.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.



Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Touro unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

